

Santa María a Real de Sar

GUÍA DIDÁCTICA

Guía didáctica da Colexiata Santa María a Real de Sar e o seu Museo de Arte Sacra

Para profesorado de Primaria, ESO e Bacharelato

Realizado por Lucía Hidalgo Portomeñe

Dirección de proyecto Ramón Yzquierdo Peiró



ÍNDICE



ÍNDICE

PRESENTACIÓN	1
OBXECTIVOS	3
METODOLOXÍA	4
NORMAS	6
OBSERVACIÓNS	7

ITINERARIOS

O MUSEO DE ARTE SACRA	9
O CLAUSTRO	21
A COLEXIATA	25

CADERNO DE ACTIVIDADES

PRIMEIRO CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA	37
SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA	43
EDUCACIÓN SECUNDARIA	48
BACHARELATO	53

BIBLIOGRAFÍA	58
---------------------------	----

PRESENTACIÓN

Aos pés da cidade histórica de Santiago érguese o conxunto arquitectónico de Santa María a Real de Sar, chamada así por ubicarse no agradable barrio que o río do mesmo nome atravesa. Os tres espazos que constitúen esta xoia patrimonial, independentes pero interrelacionados, conforman un destino cultural de interese para todo aquel que queira coñecer máis en profundidade a riqueza artística de Compostela.

As súas orixes remóntanse ao ano 1136, cando se fundou como a primeira comunidade agostiña de Galicia, en tempos do arcebispo Xelmírez. As boas relacións coa catedral, ademais de convertela nun importante referente eclesiástico, quedaron reflexadas na súa estrutura orixinal, onde as influencias románicas da basílica xacobeana son destacables. A igrexa, que no século XVI se converteu en colexiata, sufriu unha serie de remodelacións arquitectónicas que acabaron por conferirlle a mestura estilística que hoxe a caracteriza. Sorprenden nesta combinación os potentes arcobotantes barrocos, para os cales atopamos explicación unha vez que nos adentramos no templo, onde a inclinación dos seus muros e piares resulta tan ameazante como sobrecollidora.

Outra experiencia emocionante é poder pasear ao longo da panda norte do seu claustro, a única que milagrosamente conserva os nove arcos orixinais de factura románica. A súa laboriosa ornamentación evidencia de novo o vínculo coa catedral, esta vez a través da presenza do taller mateano. A sensación de paz que os xogos lumínicos crean neste espazo, estaría presente en todas as galerías antes da reforma do século XVIII, coa que as pezas primixenias foron retiradas do seu emplazamento pasando a formar parte da colección artística da colexiata, e nalgún caso concreto, a exhibirse no museo de arte sacra.



Esta institución, que abriu as súas portas ao gran público en 1975 por iniciativa do actual párroco D. José Porto, está asociada ao nacemento e evolución do propio templo. Tanto é así, que as salas onde hoxe se expoñen valiosas pezas históricas e documentais, foron as antigas dependencias do priorado. Este espírito integrador non só evitou que a construción caese no esquecemento, senón que xerou unha perfecta coherencia entre contedor e contido, dotando ás obras dun contexto que facilita a súa interpretación.

As tarefas de adecuación museolóxicas e museográficas necesarias para a súa reapertura despois dun tempo pechado por falta de recursos económicos, foron posibles grazas a un proxecto de xestión cultural que está levando a cabo a Fundación Catedral de Santiago, baixo a marca Compostela Sacra. O proxecto aborda todos os ámbitos relacionados coa xestión museística dos centros que integra, neste caso o museo de arte sacra da colexiata, fomentando a investigación, conservación, exposición e difusión. Así nace este recurso pedagóxico, coa vontade de ofrecerlle aos grupos educativos unha experiencia de calidade coa que coñecer a riqueza cultural e artística do noso patrimonio.

OBXECTIVOS

O fin último desta proposta é ofrecerlles aos docentes a información necesaria para poder realizar unha visita guiada polos tres espazos presentados anteriormente, facilitándolles as pautas necesarias para desenvolvela dun xeito sinxelo cos seus alumnos. Ademais, inclúese un material didáctico complementario, adaptado aos distintos cursos, que axude a reforzar os coñecementos aprendidos a través dunha serie de actividades coas que repasar os aspectos máis destacados, tentando combinar así entretemento e cultura.

Obxectivos xerais

- Enriquecer a oferta museística de Santiago, consolidando a Colexiata de Sar como un referente patrimonial compostelano que, ao mesmo tempo, axude á desconxestión turística dos arredores da Catedral.
- Potenciar o estreito vínculo coa basílica xacobeá a través do Camiño de Santiago, en particular da Vía da Prata, sendo esta eixe de intercambio artístico entre ambos monumentos.
- Contribuír ao desenvolvemento cultural e social do barrio de Sar, onde a súa parroquia tivo un papel fundamental na conservación e mantemento do conxunto.
- Dar visibilidade a grandes figuras da arquitectura galega que estiveron presentes tanto na construción, como nas posteriores intervencións do monumento; alabar así a pegada románica do célebre taller mateano, como as solucións constructivas dalgúns dos nomes máis famosos do barroco compostelán.
- Coñecer, valorar e respetar o patrimonio histórico-artístico e cultural.


Obxectivos específicos

- Achegar este conxunto patrimonial a un público máis amplo, concretamente á xente nova, dun xeito innovador e atractivo.
- Aumentar a oferta de saídas extraescolares para os centros educativos, principalmente galegos, podendo combinar esta visita con outras que xa se realizan nas excursións á cidade compostelana.
- Dar visibilidade á Colexiata de Sar e ao Museo de Arte Sacra dende os campos de estudo da súa historia e evolución artística.
- Estructurar a información que posteriormente se transmitirá na visita, sendo capaz de fixar os conceptos básicos de cada espazo, de tal maneira que no seu conxunto conformen un achegamento completo cunha lectura sinxela.
- Dende esa perspectiva histórico-artística, introducir algunha das diversas temáticas presentes nas pezas musealizadas.

METODOLOXÍA

Para poder cumprir os obxectivos expostos anteriormente e que os estudantes aproveiten ao máximo a súa experiencia, decidimos estruturar este material didáctico en dúas partes principais. Por unha banda, preténdese facilitar a execución dunha visita guiada sinxela e entretida, e por outra, ofrecer unha serie de actividades capaces de fixar os coñecementos transmitidos dunha maneira amena. Polo tanto, ademais desta introdución, a guía confórmase dos seguintes apartados:

- **ITINERARIOS:** como xa anunciabamos, o conxunto patrimonial componse de tres espazos comunicados entre si, as antigas dependencias do priorado hoxe convertidas en museo, o claustro e a propia colexiata. Seguindo esa orde, a primeira parte deste documento consiste nun achegamento teórico a cada un deles; nel destacarase os aspectos máis significativos, enfocándoos xa cara as posteriores actividades. Así, os mestres terán á súa disposición unha guía escrita coa que informarse previamente e poder logo personalizar a visita adaptando os contidos aos intereses e ao nivel dos seus estudantes. Ao longo dos itinerarios iranse propoñendo algunhas preguntas dinamizadoras que están pensadas para axudar a manter o interese do alumnado, favorecendo o debate e a participación; tamén existe unha folla de notas ao final de cada apartado para que os mestres poidan apuntar ideas ou esquematizar o que acaban de ler, facilitando así a preparación do discurso oral.



I. O MUSEO DE
ARTE SACRA

II. O CLAUSTRO

III. A COLEXIATA

- **CADERNO DE ACTIVIDADES:** a segunda parte da guía consta dun caderno de actividades que axude a fixar os contidos explicados nos itinerarios. Os exercicios están adaptados aos distintos niveis dos alumnos, existindo diferentes opcións dependendo do curso académico.

- **Primeiro ciclo de Educación Primaria**
- **Segundo ciclo de Educación Primaria**
- **Educación Secundaria**
- **Bacharelato**

Dentro do apartado de cada curso aparece unha subdivisión cunha parte para o profesorado e outra para os alumnos:

Obxectivos e observacións

A primeira inclúe unha pequena introdución á cada unha das tres actividades, cos obxectivos que se pretenden acadar e observacións que poidan axudar ao seu plantexamento. Ademais, nalgúns casos incorpóranse ideas coas que completar o exercicio grazas a materiais adicionais, ben de búsqueda propia, ben con fontes directamente proporcionadas.

Actividades

A segunda parte fórmano os propios exercicios, polo se que pode entregar impresa de xeito individual a cada alumno. As tres actividades constan dun pequeno enunciado que pode ser explicado polos profesores para deixar máis claros os obxectivos presentados no seu apartado.

Aínda que esta guía establece unha orde para a visita guiada, o seu emprego é totalmente libre, podendo modificar o percorrido e deixando á libre elección do profesorado o tempo adicado a cada un dos espazos. Si se aconsella deterse nos aspectos máis recalcados no corpo teórico, xa que logo serán tratados nos exercicios; isto non descarta a posibilidade de que o docente poida incluír outros datos que non figuren nesta proposta ou que os enfoque tendo en conta a posibilidade de completar con eles o contido doutras materias. En canto ás actividades, estas tamén poderán realizarse como se considere máis oportuno, ben de xeito individual, en grupos ou de maneira conxunta na aula.

A Fundación Catedral de Santiago queda a súa disposición para resolver calquera dúbida que lle poida xurdir sobre o emprego desta guía, así como coñecer as súas propostas e experiencias con esta ferramenta, a través da dirección de correo electrónico deac@catedraldesantiago.es.

NORMAS

- Para concertar a visita é obrigatorio facer unha reserva previa, ben chamando ao 981569327, ben vía correo electrónico, contactando con deac@catedraldesantiago.es. O horario de apertura é de luns a domingo de 11:00 a 14:00 e de 16:30 a 19:30.
- Os grupos non teñen número mínimo de integrantes pero si máximo, sendo 30 o tope de alumnos por visita. En caso de que o grupo superase dito número de persoas, deberá subdividirse e cada subgrupo terá que ir acompañado dun docente ou persoa adulta responsable, os cales non se contabilizan dentro da cifra máxima.
- Antes de comezar coa visita, o profesor deberá pasar pola recepción para recoller a entrada do grupo e comunicar o número definitivo de alumnos.
- Esta prohibido inxerir alimentos e bebida, tocar as vitrinas e facer fotografías dentro das salas do museo. No claustro e no interior da igrexa poderán realizarse sen empregar trípode.
- Rogamos ao docente responsable que conciencie ao alumnado de que acude a un museo no que pode coincidir con outros visitantes, polo que debe comportarse co debido respecto cara o resto de público.

OBSERVACIÓNS



Non se pode pasar por alto o fantástico entorno natural que acolle o conxunto da colexiata, converténdoo nun destino ideal para as excursións de centros educativos. Como xa mencionabamos, esta visita podería ser unha das varias que se realizan na cidade de Santiago ao longo da duración da saída extraescolar, aproveitando a súa ubicación como de zona de descanso na que comer:

- Fronte a fachada norte existe un amplo aparcadorio no cal poden estacionar os autobuses.
- Preto do acceso ao museo hai unha sorte de área recreativa que inclúe un pequeno parque, un campo de fútbol e un espazo con mesas ao aire libre onde poderán comer ou merendar.
- A escasos minutos atópase o río que lle da nome ao barrio, o cal conta cun fermoso paseo á súa beira; un percorrido moi atractivo para os alumnos máis maiores se dispoñen de tempo libre.
- O museo conta con baños na terceira sala, aos cales poderán acceder igualmente xa finalizada a visita.

Outras observacións enfocadas a axudar no desenvolvemento da actividade son a de aconsellar ao alumnado dos cursos máis avanzados (ESO e Bacharelato) que leven material no que poder tomar algunha nota sobre o contido explicado, facilitando así a realización das actividades finais. Para os docentes que acompañen aos rapaces de primaria, pídeselles que adapten a información ao seu nivel, sendo conscientes de que o material aquí recollido é bastante amplo e pode resultar incomprendible para os cursos máis inferiores. Poden axudarse das temáticas escollidas para os exercicios do caderno de actividades.

Itinerarios

O QUE IMOS VER

O MUSEO DE ARTE SACRA



O MUSEO DE ARTE SACRA



A nosa visita comeza diante do acceso ao Museo de Arte Sacra da Colexiata de Santa María a Real de Sar, onde poderemos facer unha breve introdución sobre a edificación e as transformacións que sufriu ata converterse na institución cultural que hoxe é.

Trátase dun vasto edificio concebido como residencia dos cóengos e o prior de Sar, construído na segunda metade do século XVIII sobre o antigo **priorado medieval**, o cal adoptou dende ese momento o aspecto barroco que agora o caracteriza. Unha vez que o edificio perdeu a súa finalidade residencial, as súas estancias foron adaptadas para converterse en salas expositivas, abrindo as súas portas como museo de titularidade eclesiástica en 1975, por iniciativa do actual párroco **D. José Porto**, a quen se lle rinde homenaxe co **busto** conmemorativo que podemos ver preto da porta.

No ano 2000, a S. A. de Xestión do Plan Xacobeo da Xunta de Galicia promoveu unha renovación da planta baixa do edificio para mellorar a súa función museolóxica, permitindo a montaxe da exposición permanente que veremos a continuación. Malia a dificultade que supón a adecuación de espazos concebidos para outra finalidade, este tipo de museos teñen ao seu favor o encanto de dar utilidade directa ao patrimonio e acadar unha perfecta coherencia entre a obra exposta e a infraestrutura que a acolle.

Unha vez coñecida a súa historia, o que máis nos chama a atención exteriormente é a decoración da fachada, centrada arredor da porta principal. Estaríamos a falar desa transformación barroca proxectada en 1755 polo mestre beneditino **frei Manuel dos Mártires**, quen escolle un sentido **heráldico** para o deseño; flanqueando a porta atopamos dous **escudos**:



a esquerda o de España co *toisón* de ouro e a dereita o do prior que patrocinou as obras, **Manuel Pérez de Guzmán o Bo**. Dato que queda reflexado para a posteridade na inscrición que corre ao longo do **friso**: “ESTA OBRA FÍXOSE SENDO PRIOR O ILUSTRÍSIMO SEÑOR DON MANUEL PÉREZ DE GUZMÁN O BO”. Ademais, na **clave** dese **bocelón** que enmarca a porta tamén aparece labrado o emblema de Sar, a imaxe do **Cordeiro Místico**.

Ao longo desta guía inclúense varios recadros con anotacións que poden ser de utilidade para os docentes: vocabulario, temas sobre os que profundizar, consellos, etc.

Novo vocabulario e introdución de termos artísticos:

- **Priorado:** casa na que habitan algúns monxes pertencentes a un mosteiro principal, cuxo abade nomea a un superior, chamado prior para que os governe.
- **Busto:** peza de escultura que representa a cabeza e a parte superior do tórax dunha persoa.
- **Heráldico:** relativo aos escudos de armas dunha familia, cidade, etc.
- **Friso:** banda ornamental nunha parede, que pode ser pintada, realizada noutro material ou formando relevo.
- **Clave:** pedra central con que se cerra un arco ou unha bóveda; neste caso centra o conxunto decorativo.
- **Bocelón:** grosa moldura tipicamente barroca.

Importancia da heráldica na Historia da Arte: a presenza de escudos de armas en monumentos ou pezas artísticas revelan datos de gran importancia sobre estas, xa que se vinculan a unha determinada familia ou cidade, podendo coñecer o seu mecenas, a quen estaban adicadas, á súa cronoloxía, etc; Algo que tamén se pode aplicar ás inscricións, como no caso da do friso.

Presenza do Cordeiro Místico: esta imaxe, tamén coñecida como *Agnus Dei*, será un elemento simbólico e decorativo que se repite noutras partes do conxunto e que formaba parte do emblema da colexiata. No cristianismo refírese a Xesucristo como vítima ofrecida en sacrificio polos pecados dos homes, a semellanza do cordeiro que era sacrificado na conmemoración anual da Pascua. Volverase sobre o tema máis adiante.

SALA I

Comezamos agora o noso percorrido polo museo que se articulará en catro salas; nelas veremos un amplo repertorio de pezas que, cunha ordenada liña argumental, nos irán contando a historia desta comunidade agostiña dende a súa fundación como priorado, pasando pola transformación a colexiata e definitivamente, a parroquia da arquidiocese de Santiago.

A fundación do priorado



A fundación do priorado de Sar débese a **Munio Afonso**, antigo membro do cabildo da catedral e posterior bispo de Mondoñedo, quen en 1134 decidiu retirarse a Santiago para fundar nas súas aforas unha comunidade de cóengos baixo a orde de Santo Agostiño.

Mentres estaba na igrexa de Santiago estableceu relación co primeiro arcebispo de Compostela, **Diego de Xelmírez**, que será quen asine este **documento fundacional** do mosteiro o día 1 de setembro de 1136, ademais de impulsar as obras de construción tras a morte de Munio Afonso. Aínda que conservamos a carta orixinal, esta custódiese no Arquivo Histórico Diocesano por motivos de conservación, expoñendo no museo unha copia exacta na que podemos observar os nomes dos confirmantes e a característica firma do arcebispo Xelmírez.

Aínda que a finalidade principal do priorado era servir de casa de retiro, a comunidade agostiña participou activamente na promoción da **ruta xacobeá**; tanto pola hospitalidade cos peregrinos como pola colaboración na fundación da **Orde de Santiago**, cuxo obxectivo era protexelos durante a súa peregrinación e expulsar aos musulmáns da Península Ibérica.

Lenda fundacional: Esa non é a única conexión do monumento co Camiño de Santiago, xa que unha antiga tradición popular dos veciños de Sar vincula a fundación da igrexa ca **raíña Lupa**, presente na lenda xacobeá. Esta, tras comprobar os milagres que realizaban os discípulos do Apóstol converteuse ao cristianismo e fundaría este mosteiro onde anteriormente tiña o seu pazo.

A historia a través dos documentos

Xunto á carta fundacional, nesta primeira sala expóñese parte da valiosa colección documental que posúe a colexiata. De novo falamos de facsímiles, os orixinais atópanse no **Arquivo Histórico Diocesano** por motivos evidentes de conservación, debido ás súas especiais necesidades que impiden a exhibición prolongada.

Os aquí expostos datan dos séculos XII, XIII e XIV, sendo unha época de gran esplendor para a comunidade; así o demostran estes certificados nos que aparecen rexistrados os **privilexios** que a Coroa lles otorgou, **donacións, documentos xurisdiccionais, administrativos e hospitalarios**.

De entre os privilexios que se lle concederon débese destacar o de Henrique II (1378), co cal a comunidade foi eximida de pagar o **yantar del rey**. Tratábase dun tributo que tiñan que pagar os habitantes dos pobos e zonas rurais do reino para contribuir ao sustento ou alimentación do rei ou dos señores, xeralmente en especias. Este privilexio foi continuado por Henrique III (1391) e **Henrique IV** (1461), monarca que figura no documento que vemos na imaxe, firmado en Segovia o 28 de novembro de 1471.



Dende o punto de vista económico e xurisdiccional, a partir do século XIV manterase a época de bonanza coa incorporación de diferentes cenobios rurais, anexionados por decisión dalgúns arcebispos de Santiago. A comunidade seguirá enriquecéndose durante a Baixa Idade Media, ata o punto de chegar a ceder terras á poboación campesiña en réxime de **foro**, é dicir, a cambio dunha renda e unhas condicións estipuladas.

Todos os documentos exhibidos están identificados coa súa correspondente cartela, podendo deterse libremente. No seu conxunto, esta colección pon de manifesto a **gran importancia que ten a documentación histórica no estudo artístico**, achegando datos relevantes sobre os personaxes que pasaron pola colexiata: arcebispos, cronistas, priores, etc., así como monarcas ou nobres a ela asociados. Aínda que aquí non se mostren, tamén existen outro tipo de documentos onde se detallan as donacións que se fan, obtendo con eles detalladas descrições do material litúrxico ou das ofrendas escultóricas, así como o contrato de obra dos diferentes artistas que traballaron na súa fábrica.

Os elementos arqueolóxicos

Destaca polo seu número e calidade a colección de **restos escultóricos** procedentes do claustro, diversas estancias do antigo priorado e o templo; colección que sen embargo aínda non está exposta ao público, exceptuando unhas cantas pezas. No seu día, gran parte delas ocuparon as galerías porticadas do actual claustro barroco, algo que axudaba a recrear imaxinariamente o aspecto orixinal do conxunto. Próximamente, está previsto que se volvan incorporar á exposición permanente nuns novos espazos dentro do percorrido do Museo.

Entre as pezas atópanse numerosas **dovelas**, partes dun **rosetón**, **cimacios** e **capiteis**, algúns destes últimos aínda corresponderían ao estilo **románico**, sendo labrados polo taller compostelán de clara influencia mateana que rematou a igrexa e deu comezo as obras do claustro pola panda que milagrosamente hoxe conservamos.



As pezas que si se exhiben xa nos falan dun **cambio estilístico**, introducíndose o **gótico** durante a conclusión do claustro a mediados do século XIII, durante a época do arcebispo don Juan Arias. Así, estes capiteis con cimacio e basa, deixarían atrás o estilo mateano para estilizar as súas formas e decorarse cunha vexetación máis sutil.

Un dos exemplos responde a tipoloxía dos cuádruplos, labrados nun único bloque de pedra e que se sitúan sobre catro finas columniñas aquí reconstruídas; isto provocou unha variación no ritmo das arcadas, resultando moito máis abertas que os piares macizos empregados polo taller anterior.

- **Dovela:** cada unha das pedras labrada en forma de cuña que forman un arco ou bóveda.
- **Rosetón:** fiestra circular característica dos templos góticos, adornada con figuras xeométricas labradas na pedra e con ocos xeralmente pechados con vidrieiras.
- **Cimacio:** elemento que vai sobre o capitel e serve para aumentar o plano superior de apoio.
- **Capitel:** peza situada na parte superior da columna que sostén a arquitrabe ou serve de arranque dun arco.

Exponse tamén unha **gárgola con forma de león** que debeu servir para evacuar a auga dos tellados da igrexa ou do priorado. Grazas a fotografías antigas, hoxe sabemos que se empregou durante moito tempo como o cano da fonte lobulada que está no claustro. O tipo de animal —sobre todo pola melena con caracois— remite claramente aos modelos mateáns, polo que a súa factura debe situarse na primeira metade do século XIII.



Talla en madeira policromada



Por último, esta primeira sala tamén inclúe exemplos de tallas de madeira policromadas. Por unha banda temos a representación da **Sagrada Familia**, denominación da Igrexa Católica para o conxunto composto por Xosé, María e o seu fillo Xesús. Neste caso a escultura do neno perdeuse e ás de seus pais fáltanlles os brazos.

O relato máis coñecido asociado á Sagrada Familia foi a fuxida a Exipto para refuxiarse de Herodes, rei de Xudea que quería asasinar a Xesús ao sentirse ameazado polo seu título de “rei dos Xudeos”. Esta viaxe e as cousas extrañas e milagres da súa estancia en Exipto recóllense nos **Evanxeos Apócrifos**, escritos nos primeiros séculos do Cristianismo arredor da figura de Xesús, pero que non foron incluídos na Biblia.



A presenza dos agostiños ao longo do Camiño de Santiago e a dedicación hospitalaria xa mencionada evócanse con esta imaxe de **San Roque de Montpellier**, santo con gran devoción en Galicia, moi vinculada a iconografía xacobeá, de feito aparece representado como un **peregrino**. San Roque desprazouse a Roma e percorreu Italia curando a todos infectados de **peste**; feito que fixo que Compostela se encomendase a el para libersase da mesma no século XVI, dende o que pasou a ser patrón da cidade.

SALA II

Fronte a época de bonanza que nos revelaban os documentos da sala anterior, durante o século XVI a comunidade sofre un importante declive; en 1548 substitúense os **cóengos regulares** por **clero secular** e o priorado quedará reducido primeiro a **colexiata** e posteriormente, no século XIX, a **parroquia** da arquidiocese de Santiago

Escultura, ourivería e ornamentos litúrxicos

Sen embargo, será durante esta crise cando chegue a Galicia o **Barroco**, coincidindo cun incremento da organización de actos relixiosos e da importancia do cerimonial sacro. Isto propiciou a realización dun senfín de obras para a liturxia, surxindo unha ampla diversidade de pezas de gran riqueza técnica e material. A colexiata conta cunha **colección de orfebrería e ornamentos litúrxicos** que explican o protagonismo da igrexa como principal promotor dese renacer artístico do Barroco galego, chegando a posuír obras dalgúns dos mellores ourives composteláns e incluso de escolas toledanas e cordobesas.



Mostra disto son os numerosos obxectos relacionados ca celebración da **Eucaristía** que ocupan as vitrinas da segunda sala, entre eles destaca a colección de **cálices**, o grupo máis nutrido por ser un elemento clave na liturxia católica. Entre eles débese resaltar o regalado á colexiata polo arcebispo Yermo y Santibáñez no ano 1731, unha peza da escola toledana; así como o realizado en 1799 polo prestixoso ourive compostelán **José de Nebra**.

A Eucaristía: é a parte central da misa. Durante ela o sacerdote ofrece a Deus as especies eucarísticas, o pan e o viño, convertíndoos no Corpo e Sangue de Cristo. Ademais, tamén realiza o rito da lavación das mans. O cáliz, xunto coa patena, son os dous obxectos litúrxicos nos que se dispoñen o viño e a hostia consagrada.



Outro importante artista galego presente nesta sala é **José de Novoa**, encargado de realizar o magnífico **ostensorio** de 1801 de prata sobredourada, empregado para expoñer a hostia consagrada á adoración dos fieis. Mesma utilidade ten o **relicario** de San Pedro, unha mostra en prata da escola cordobesa, datada no 1773, que se exhibe na seguinte sala

Contamos tamén no museo con dous pequenos **incensarios**, realizados en prata a mediados do século XIX pola escola compostelá. O incensario é un elemento que se emprega tanto nas celebracións eucarísticas como nas procesións, cerimonia que abordaremos a continuación.



Elementos do rito procesional



Durante o Barroco, as procesións tamén se converteron nun acto conmemorativo habitual. Isto xustifica que xunto cos cálices, a **cruz procesional** de cada parroquia é outra das pezas máis frecuentes na orfebrería e unha das xoias máis importantes no tesouro da freguesía. Esta foi realizada no 1758 por un dos plateiros composteláns máis importantes do momento, **Francisco Turreira**. Destaca pola súa riqueza ornamental e o seu xogo cromático, converténdose nun extraordinario traballo que tende estilisticamente ás formas da **arte rococó**.



Outro tipo de pezas vinculadas a estes ritos son as **placas de mordomía**, emblemas que representaban as distintas cofradías de cada parroquia. Entre as exhibidas destaca a pertencente a do **Santísimo da Colexiata de Sar**, realizada en prata sobredourada na segunda metade século XVIII.

Indumentaria litúrxica

Complementando estes obxectos de orfebrería sacra, na segunda sala tamén atopamos unha exquisita selección de indumentaria litúrxica, situada no centro da estancia e enmarcada nunha vitrina con visibilidade case integral, o que permite observar con detalle a súa impecable confección. Casulas, dalmáticas e **capas de auga**, todas elas do século XVIII e realizadas sobre teas de raso de seda bordadas con fíos de ouro e prata.

Ademais, estas últimas, xunto co **pano umeral** que se expón individualmente noutro vitrina, están ralacionadas directamente co uso procesional. As capas pluviais recibiron este nome porque se comezaron a empregar nas procesións, fóra dos templos, servindo para protexerse da choiva e do frío; por outra banda o pano de ombreiros é colocado sobre esa parte do corpo dos sacerdotes cubrindo a espalda para portar o Santísimo Sacramento ao bendicir con el, ou tamén para levalo en procesión.



SALA III

A terceira das salas alberga de novo as dúas tipoloxías de pezas vistas anteriormente combinándoas cunha terceira, que neste caso, convértese en protagonista pola boa feitura e autoría das pezas. Trátase dos dous **crucifixos** de madeira policromada realizados polo recoñecido escultor **José Ferreiro** no terceiro terzo do século XVIII.



Este artista nacido en Noia, está considerado o máis importante representante do **Neoclasicismo** en Galicia durante o século XVIII e o primeiro terzo do XIX. Realizou moitas imaxes relixiosas, boa parte delas conservadas en igrexas compostelanas, pero tamén conta con obras ubicadas en espazos civís, como o baixo relevo da fachada do Pazo de Raxoi ou a estatua de Minerva que remata o edificio da facultade de Química. Neste caso, a temática do Cristo Crucificado é unha constante na súa carreira, creando un estilo propio que caracteriza as súas figuras de alongadas proporcións, cun marcado arco das costelas e o pano anudado á dereita cunha peculiar dobradura na parte central.

Iconografía da Crucifixión: Estas pezas dan pé a falar sobre os elementos representativos da escena, primando sobre todo os **instrumentos da paixón** presentes na obra: cruz, cravos e coroa de espiñas. Así mesmo, pódese facer referencia ao cartel coas siglas **I.N.R.I.**, sendo o seu significado xeralmente máis descoñecido. Trátase das siglas da frase latina IESVS NAZARENVS REX IVDAEROVM, a cal se traduce como “Xesús de Nazaret, rei dos xudeos”, segundo o Evanxeo de Xoán, este acrónimo colocárase nunha taboíña enriba da súa cabeza por orde de Poncio Pilato como explicación á causa da condena da súa morte na cruz.



Aínda que a atención se centre nas esculturas de José Ferreiro, non se pode pasar por alto a presenza das outras pezas coas que comparten espazo. Por unha banda, a colección de pratería enriquecese con xoias tan valiosas como as dúas **coroas** que exemplifican o culto aos santos venerados no ámbito da Colexiata, como Santa Mariña ou a propia titular, a Virxe María, ambas da escola compostelana; xunto a elas unha **cruz de estandarte** do século XVIII e o **relicario** xa mencionado. Por outro lado temos algún exemplo máis de **indumentaria litúrxica**, compartindo características coas que xa vimos.


SALA IV

Para concluir a visita ao museo, a última das salas móstranos dúas temáticas moi disintas pero á vez moi significativas para a colexiata. Por unha banda, parte deste espazo está adicado á parroquia que tanto velou por unha óptima conservación do conxunto monumental; preténdese así rendir homenaxe ás diferentes labores de carácter socio-cultural levadas a cabo nas últimas décadas pola comunidade veciñal, unha das máis solidarias e participativas da cidade.



Para isto, exhibense nunha vitrina diferentes premios gañados pola **Agrupación Folclórica Colexiata de Sar**, fundada en 1980 polo mesmo párroco que incentivou á apertura das portas do museo, Don José Porto Buceta. Este grupo naceu cos obxectivos de formar e perfeccionar a sensibilidade artístico-musical dos seus membros, pero tamén difundir a música e o folclore do pobo levando o nome da colexiata por numerosos lugares de España e Europa, contribuíndo así a súa difusión e recoñecemento.

Ao fondo vemos a peza que protagoniza este último espazo, unha escultura en madeira policromada de finais do século XVIII realizada por un obradoiro compostelán; trátase de **San Blas**, patrón das enfermidades da gorxa e os laringólogos. Xa é tradición polo 3 de febreiro, que a parroquia conmemore a súa festividade cunha numerosa celebración eucarística na cal se bendicen máis de dous mil paneciños para repartir entre os fregueses que asistan á cerimonia relixiosa na colexiata, podendo venerar así unha imaxe do santo semellante a aquí exposta. Ademais, posúe unha capela situada na entrada do amplo atrio que rodea a colexiata.



O CLAUSTRO



O CLAUSTRO



Unha vez percorridas as salas do museo, o grupo terá que dirixirse de novo á recepción, dende onde accederá ao segundo dos espazos que conforman esta visita: o claustro da colexiata. Todo parece indicar que o obradoiro compostelán encargado de rematar a construción da igrexa, foi o responsable do levantamento das obras do claustro. Trátase dunha obra cunha calidade escultórica de primeira orde, de feito o taller ao que nos referimos sería o do **Mestre Mateo**, que traballou en Sar dende finais do século XII, ao mesmo tempo que se construía e decoraba o claustro románico da Catedral de Santiago; polo tanto, sería o seu aspecto primixenio o que lle otorgou o posto que aínda hoxe conserva dentro da arte románica europea.

Da primitiva construción medieval tan só se conservan **nove arcadas na súa panda norte**, que discorren paralelas ao muro sur da igrexa. Os seus elementos revelan unha clara evolución estilística e consecuentemente cronolóxica, cuxa variación se aprecia a medida que se avanza do lado lesta cara o oeste, no cal se entrevé a introdución dunha estética máis próxima ao **gótico**. Isto explicase coa chegada do arcebispo Bernardo II a Sar, xa que trouxo consigo un novo taller de escultores e canteiros de clara influencia gótica, que traballarán na construción e decoración ata a súa finalización.

UN ESPAZO POLIFUNCIONAL



Se nos detemos a analizar a disposición e decoración das arcadas que conservamos, observamos como se organizan ben intercalando un piar entre cada dous arcos, ben xustapoñendo os dous arcos sen piar entre eles. Isto cambiaría nas outras galerías, sufrindo un cambio de ritmo arquitectónico ao introducirse, como no caso do exemplo exposto no museo, os piares cuádruplos de un único bloque con finas columnas. Este nova solución resultaba moito máis aberta e diáfana, creando unha estética máis estilizada, que se ve reforzada pola diminución decorativa; fronte a abundancia de adornos con motivos vexetais do taller mateano, no gótico os elementos simplifícanse obtendo unha ornamentación máis discreta e sutil.

Como indicabamos, por desgraza, a día de hoxe non conservamos a estrutura primixenia, pois as tres galerías restantes corresponden á **reconstrución** realizada no século XVIII polo arquitecto compostelán **Frei Manuel dos Mártires**. Sen embargo, e como tamén xa mencionamos, conservamos parte das pezas orixinais, que no seu día foron expostas nos propios corredores para permitirlle aos visitantes recrear na súa imaxinación o aspecto do claustro medieval. O feito de que actualmente esta rica colección non sexa accesible ao público, evidencia a necesidade de continuar coas melloras museolóxicas levadas ata o momento, podendo aumentar os espazos expositivos do museo para albergar o patrimonio custodiado e enriquecer así a colección permanente.

Unha vez presentadas as súas características estilísticas, resultan chamativas as diferentes funcionalidades deste segundo espazo, podendo facer un pequeno achegamento a cada unha delas en relación coa importancia que tiñan para a comunidade relixiosa. En primeiro lugar, o claustro é un **organizador e articulador espacial** das diferentes dependencias necesarias para a vida monacal, separando e dando acceso ás celdas dos cóengos, á casa do prior, ao refectorio, á cociña ou á biblioteca; ademais a paz que nel se respira convertíao nun lugar idóneo para a meditación, o estudo ou a lectura. Non debe extrañar a extraordinario amplitude que se lle deu no proxecto románico orixinal —era un rectángulo de 32x35m.—, facéndoo o suficientemente amplo para acoller determinadas cerimonias e procesión litúrxicas realizadas pola igrexa.

Evocación do Paraíso Terreal

En relación con esa primeira función de distribuír e ordenar as distintas dependencias que conformaban o conxunto, atopamos unha segunda funcionalidade menos evidente a simple vista. O claustro románico de Santa María de Sar foi concebido como **evocación do Paraíso Terreal**, un mundo alonxado do axetreo da cidade, seguindo o modelo paradisiaco veterotestamentario, é dicir, relativo ao Antigo Testamento.



Por un banda temos a **vexetación** esculpida na pedra que se extendía como unha hedra por capiteis, arcos e basas, xunto coa vexetación real que ocupaba e ocupa o patio central; por outra atopamos a magnífica **fonte lobulada** que centra ese espazo. A peza, orixinal do románico, está labrada nun único bloque e inspírase sen ningunha dúbida na que hoxe tamén centra o claustro da Catedral de Santiago, aínda que na súa orixe estivo presidindo o atrio da Porta do Paraíso. O influxo deste modelo non só se verá en fontes, senón tamén en pilas bautismais, como é o caso da desta igrexa. O outro vínculo evidente que relaciona esta peza co Paraíso Terreal foi a existencia de catro canos na súa forma orixinal —un deles foi a gárgola exposta no museo—, evocando a través deles os **catro ríos** que se encargan de regalo.

Lugar de enterramento

Outro eixo temático é o emprego do claustro como **lugar de enterramento**, nun primeiro momento en capelas adosadas ás galerías e posteriormente no chan destas. Non é de extrañar que este espazo fose empregado para esta función xa que estaban prohibidos os enterramentos dentro da igrexa, e ademais, que mellor lugar para o descanso eterno que un que evocase o Paraíso ao que todo cristián aspira.

Actualmente, esta funcionalidade queda representada a través dos tres sepulcros que se dispoñen ao longo da panda norte, obras de primeira calidade da **escultura gótica** galega. Todos eles responden a unha mesma tipoloxía: **sepulcro con xacente**.



Realizados integramente en pedra, constan de dúas partes principais; por unha banda o contedor do corpo, o espazo onde repousa o cadáver e que pode incluír nos seus laterais decoración escultórica ou inscricións, e por outra temos a lauda, a parte superior que pecha o sarcófago incluíndo neste caso a figura do xacente, é dicir, unha escultura da persoa morta. Esta parte superior non se conserva nun dos exemplos, pero todo apunta a que responde a esa tipoloxía.

A COLEXIATA



A COLEXIATA

Unha vez explicado e percorrido o claustro, poderán acceder ao interior da igrexa pola porta que conecta ambos espazos a través da panda norte. Xa dentro do templo, recoméndase que o alumnado —sobre todo o dos cursos máis elevados— tome asento nas primeiras filas de bancos mentres o profesor fai unha pequena introdución sobre a orixe, durante a cal pode invitar a participar aos rapaces recordando algúns datos xa explicados na primeira sala do museo (datas, nomes de personalidades asociadas á fundación, etc.)

A igrexa que nos ocupa é enteiramente de cantería de granito e segue escrupulosamente os canons da época na que foi construída, pero ademais conta con algunhas peculiaridades que a converten nunha das obras máis interesantes do **Románico galego**.

Facendo memoria, a construción debeuse comezar cara 1134, cando **Munio Afonso** se retira a Compostela. Nesta primeira fase realízase a cabeceira —a parte onde se atopa o altar e as capelas adxacentes e os muros máis achegados a esta ata a altura das ventás; a existencia dun espazo sagrado delimitado permitiulle ao arcebispo Xelmírez **consagrara no ano 1136**. A obra debeuse prolongar ata a segunda metade do século, rematando probablemente na década dos 60 e dando paso a construción do claustro e as dependencias dos cóengos.

Consagración: como o seu propio nome indica, trátase dunha acción que consiste en voltar algo, neste caso un templo, sagrado. Unha vez realizada a cerimonia de consagración, o edificio xa só poderá ser empregado ao culto de Deus.

UNHA XOIA DO ROMÁNICO


Aínda que co paso do tempo o templo foi sufrindo varias transformacións —as cales abordaremos máis adiante— temos a sorte de conservar en gran medida a súa estrutura orixinal, da que nos valeremos para facer un achegamento ao estilo que a caracteriza, o **Románico**.

A arte románica constitúese tras a desaparición do imperio romano, como o primeiro estilo artístico común europeo, que aínda sendo moi homoxéneo en todo Occidente, mantén determinadas peculiaridades locais. O Cristianismo converteuse nun nexo espiritual e o punto de partida da expansión xeográfica do Románico por Europa xa que unha das súas canles de difusión máis importante foi o camiño de peregrinación a Santiago de Compostela. De feito, a fase central do Románico en Galicia recibiu a denominación de **Románico compostelán**, dada a indiscutible centralidade cultural arredor da Catedral.

O románico é unha arte relixiosa, o seu obxectivo principal é provocar achegamento dos fieis a Deus, de aí que os principais exemplos arquitectónicos sexan igrexas, mosteiros e catedrais. Algunhas das claves nestas edificacións son a **simplicidade**, tanto exterior como interior, a **simetría** e a **proporción** entre as súas partes, e a primacía da **funcionalidade**; a cal queda reflexada no sistema de iluminación, para o que se empregan ventás cuxo principal cometido é o de alumear, fronte a importancia decorativa doutros estilos; o emprego xustifico de algúns elementos como os arcos de medio punto, columnas, capiteis ou piares; e incluso o emprego da decoración como medio didáctico e moralizante.


En canto aos esquemas construtivos dos templos románicos responden basicamente a tres tipos de estrutura: as igrexas dunha soa nave e un só ábside; as de cruz latina, cunha nave maior e outra transversal que forma o cruceiro; e as de **planta basilical**, con tres naves que rematan noutras tantas capelas absidiais.

Esta última correspóndese coa da Colexiata de Sar, onde vemos que a nave central presenta unha maior altura que as laterais, separándose destas mediante piares e columnas e cubertas por **bóvedas de canón**; e remata nunha cabeceira con tres **ábsidas** en concordancia de dimensións. Aínda que carece de **cruceiro**, os dous primeiros piares das naves están máis desenvolvidos que o resto, buscando individualizar o tramo anexo ao **presbiterio** que se correpondería co **transepto** e que ademais ten maior anchura que o resto.



- **Bóveda de canón:** é un elemento frecuente nas igrexas románicas; está formada por unha alineación de arcos de medio punto, é dicir, con forma de semicircunferencia.
- **Ábsida:** construción con planta xeralmente semicircular, cuberta cunha bóveda, que sobresaia na parte posterior dun templo e onde se sitúa o altar maior.
- **Cruceiro:** tamén coñecido como transepto; espazo das igrexas onde se cruza a nave central coas laterais.

Evolución e inclinación da igrexa




Como dicíamos, esta estrutura primixenia foi sufrindo algunhas transformacións ao longo do tempo. Entre 1485 e 1505 refíxose a bóveda da nave central da igrexa; crese que foi esta intervención a que provocou a desestabilización da estrutura arquitectónica que ata o momento se conservaba en perfecto estado, aínda que a orixe deste fenómeno non só se lle pode atribuír ás deficiencias construtivas, xa que a natureza pantanosa do terreo no que se levantou tamén inflúe considerablemente. A desestabilización faise visible na **acusada inclinación** dos seus piares e muros, algo que se converteu nunha das características máis singulares deste edificio e un dos seus principais atractivos.

Sen embargo, este feito que hoxe resulta tan chamativo, no seu momento ameazou a súa integridade. No século XVII, a situación era bastante precaria e espertou a preocupación de recoñecidos arquitectos como **Melchor de Velasco**, **Diego de Romay** ou **Domingo de Andrade**, que insistían na urxente necesidade de actuar sobre o templo para evitar o seu derrumbe. Xa no século XVIII, outra figura fundamental da arquitectura galega, **Fernando de Casas Novoa** —cuxa obra cume foi a Fachada do Obradoiro da catedral— emitiu un informe onde explicaba que practicamente toda a estrutura da igrexa estaba en ameaza de ruina, proponendo a súa demolición e posterior reconstrución. Finalmente evitárase a demolición reparándoa de xeito definitivo en 1732, coa reedificación da metade superior da fachada principal e a elevación dos arcobotantes para reforzar a estabilidade dos muros, transformacións que abordaremos dende o exterior.

Restos pictóricos

Na zona da cabeceira, onde hoxe vemos as tres ábsidas cos seus respectivos altares, existían cinco, xa que na capela maior había tres, adicadas a San Blas, á Virxe e a San Agostiño; configuración que se mantivo durante o século XVI. O conxunto complétase cos situados nas capelas laterais, que nun momento inicial mostraron unha táboa pintada coa escena do bautismo de Xesús e un crucifixo na dereita.



Unha boa pregunta para o alumnado sería se hai algo que lles chame a atención na cabeceira, concretamente na capela maior. A súa bóveda é a única que conserva **restos pictóricos**, aparentemente do século XVI. A pesar do gran deterioro, constitúen unha boa referencia estilística sobre a situación da pintura no ambiente compostelán do seu tempo. O mal estado dificulta a identificación do que se representa, pero todo apunta a un **fragmento da Virxe da Misericordia**, da que só podemos contemplar a parte inferior da súa vestimenta. Sen embargo, este retazo permite imaxinar a composición orixinal, a cal sería de grandes dimensión, podendo chegar a súa cabeza ata a metade da bóveda.

A súa dereita pode apreciarse unha figura masculina, en actitude orante, tras a que aparecen varios personaxes. É moi probable que existise unha composición figurativa similar, incluso simétrica, a esquerda da Virxe, aínda que non se conserva ningún resto desta parte que o demostre.

A labor pictórica continúa nas arcadas, a ambos lados da ventá central da ábside. Á dereita atópase a figura de San Agostiño e a esquerda San Blas, cuxa disposición coincide coa dos altares primixenios da capela maior.

Elementos escultóricos

No interior da Colexiata consérvanse varios elementos escultóricos que ademais da súa gran importancia artística, tiveron e teñen unha función estreitamente vinculada ao templo. En primeiro lugar, unha parella de **sepulcros** que completan a colección exposta no claustro. O máis destacado é o que está adosado ao muro sur do interior da igrexa e correspóndese a **Bernardo II**; resulta todo un privilexio xa que se trata do máis antigo que se coñece dun arcebispo compostelán. Este renunciou ao seu cargo e retirouse a Sar no 1237 para finar alí en 1240.

É un moi bo exemplo para refrescar a información explicada anteriormente sobre este tipo de escultura funeraria xa que posúe ambas partes identificábeis do defunto. Nas paredes labráronse dúas **inscricións** nas que figura o seu nome, e ademias, na da cabeceira, tamén o seu cargo e data de defunción: HIC IACET DOMNUS BERNARDVS COMPOSTELLANVS / QUONDAM ARCHIEPISCOPVS QVI OBIIT XII KALENDAS / DECEMBRIS ERA MCCLXXVIII, "aquí xace don Bernardo, noutro tempo arcebispo compotelán, que morreo o vinte de novembro da era 1278 (ano 1240).



Sobre a cuberta, atopamos a **figura xacente**, esculpida en medio relevo e vestida con traxe de pontífice; leva luvas bordadas, dous aneis e o báculo en tau, característico dos arcebispos composteláns. A calidade da súa labra, que foi posta en relación cos xacentes do Panteón Real da Catedral de Santiago, convérteno nun bo exemplo da simbiose entre os talleres de tradición mateana e os novos aire góticos.

No interior da igrexa conservamos outra peza escultórica que mantén a día de hoxe a súa funcionalidade, trátase da **pila bautismal**. Orixinalmente debíase atopar na mesma ubicación que agora, no tramo da nave inmediata á entrada occidental, aínda que cando esa parte do templo ameazaba con desplomarse foi trasladada á capela absidial da epístola, dende entón adicada a San Xoán Bautista.




Poderíamos datala nun avanzado século XIII correspondéndose coa tipoloxía tradicional compostelá que bebe directamente da taza lobulada empregada na fonte que acabamos de ver. Os recordos deses lóbulos están presentes tanto na copa como no pé, aínda esculpido sen case volume e decorados na parte superior cun bordo sobresaínte con arcos, entre os que penden uns novos semicírculos con bólas.

ANÁLISE EXTERIOR

A cabeceira tripartita

Unha vez analizados os aspectos máis sobresaíntes do interior do templo, deberán voltar ao claustro e pasar pola recepción, para finalmente saír ao exterior e rematar a visita rodeando a igrexa nun percorrido que lles permita fixarse con máis detalle nalgúns dos datos arquitectónicos xa mencionados e noutros novos en relación coa ornamentación escultórica.

Saíndo do museo a man esquerda, atopámonos coa **cabeceira**, que exteriormente posúe unha ábsida central máis ancha e alta que as dúas laterais de planta semicircular. Esta ábsida presenta unha estrutura poligonal que ademais contrasta coa sinxeleza das outras coa súa elaborada articulación —poderíaselles preguntar polas diferenzas escultóricas, notables principalmente nas ventás e semicolumnas—.




Un elemento que conecta estilisticamente as tres ábsidas é o seu remate nunha **cornixa** sostida por **modillóns**, todos eles cunha iconografía variada. A súa decoración está en relación coa intensa actividade intelectual e cultural desenvolta na Compostela medieval; de aí a continua representación na ábsida central de figuras humanas sedentes que suxeitan un libro nas súas máns.

Sen embargo, nos modillóns tamén hai referencias á cultura popular, podendo atopar imaxes moi curiosas e simpáticas, como a do personaxe que suxeita con todas as súas forzas un animal que podería ser un porco ou un xabaril, ou a figura dun acróbata que resalta entre os motivos vexetais e zoomórficos da ábsida norte.



O emblema da colexiata

Antes de situarnos diante do muro sur, merece a pena alonxarse un pouco e erguer a mirada cara a zona da cabeceira. Se atopamos a perspectiva idónea, seremos capaces de contemplar dúas pequenas figuras pétreas que coroa tanto o tellado da ábsida central como o da cuberta da igrexa. Trátase do **Agnus Dei**, o elemento simbólico e decorativo que viramos nada máis comezar a visita enmarcado a porta de acceso ao museo. Así mesmo, esta representación estaría presente tamén no punto máis alto da antiga fachada principal, portando unha cruz sobre o seu lombo, o cal se conserva ao reubicarse sobre a **espadana** moderna que hoxe serve de campanario.



Arcobotantes

O muro lateral norte da igrexa, articúlase cunha serie de elementos arquitectónicos que captan prioritariamente a atención do visitante, entre eles o sistema de arcobotantes do século XVIII que a día de hoxe sosteñen o templo. Trátase dos **seis contrafortes** que reforzan o muro uníndose a este a través de arcos de medio punto, creando estabilidade tectónica pero tamén un ritmo decorativo de gran beleza.



Entre estes reforzos ábrese cinco ventás de medio punto, decoradas con pequenas columnas e **arquivoltas** enmarcadas por unha fina **chambrana** axedrezada, unha moldura pétreo colocada arredor delas a modo de marco. Centrando todo o lateral, ábrese a porta románica que tamén presenta as habituais arquivoltas con chambrana apoiadas en columnas de fustes monolítico e capiteis que derivan da orde corintia. A decoración da portada concéntrase na cornixa, ornamentada con rosetas e outros debuxos xeométricos e soportado por varios modillóns vexetais e de rolos.

- **Cornixa:** parte saínte ornamental formada por molduras superpostas, que coroa un edificio por debaixo do tellado.
- **Modillón:** elemento arquitectónico saínte que neste caso sostén a cornixa.
- **Arquivolta:** moldura esculpida seguindo a curvatura do arco.
- **Arcobotante:** arco que transmite parte do peso dunha bóveda ao exterior, descargándoo nun contraforte.
- **Contraforte:** especie de columna ou muro que serve de apoio a outro muro.
- **Espadana:** campanario dunha soa parede, que se eleva xeralmente sobre a fachada principal e ten un ou máis vans.

A nova fachada principal



Para finalizar, ubicarémonos diante da **fachada principal**, articulada en tres rúas separadas por dous contrafortes, unha disposición que exterioriza a organización interna do espazo en tres naves. Debemos recordar que a parte superior desta fachada foi reformada cara 1732, perdéndose os tres rosetóns románicos realizados polo taller mateano. Desgraciadamente foron substituídos por tres ventás e os seus restos ben foron reutilizados na construción do priorado ou conserváronse como pezas arqueolóxicas, chegando a estar a súa tracería exposta no claustro.

Nos últimos tempos a igrexa tivo novas reparacións; na década de 1960 pasaron por ela nomes tan destacados como **Francisco Pons Sorolla** ou **Manuel Chamoso Lamas**, cuxos traballos se centraron fundamentalmente na consolidación de estruturas, retellado e limpeza do mesmo.

Como vemos, foron numerosas as intervención que dende fai máis de quince anos tiveron lugar na Colexiata de Sar pero, sen dúbida, todas elas fixeron posibles que tanto residentes como visitantes, poidamos disfrutar na actualidade desta xoia do patrimonio artístico e cultural de Galicia.



Caderno de actividades

PROPOSTAS DIDÁCTICAS

PRIMEIRO CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA



Obxectivos e observacións

ACTIVIDADE 1

Esta actividade busca un achegamento entre o alumnado e a institución museística, ampliando a idea preconcebida que asocia museo e belas artes. As dúas primeiras preguntas serven para facer unha introdución oral na que poñan en común as súas experiencias persoais; recoméndaselle ao mestre ou mestra que enfoque a conversa cara o tema escollido, é dicir, os diferentes tipos de museos, podendo falarlles *grosso modo* dalgúns exemplos: museo de historia natural, arqueolóxico, de moda, de artes decorativas, diocesán, etc. Centrándonos xa no museo de arte sacra, o que se pretende é profundizar na tipoloxía de pezas que se mostran no seu interior, escollendo para este exercicio os obxectos litúrxicos. Partindo da Eucaristía, por estar presente na natureza de moitas pezas, recórdanse as súas definicións para traballar a parte funcional, pero tamén a súa consideración de obra de arte, reflexionando sobre porqué forman parte dunha colección, os materiais cos que se realizan, etc. É unha oportunidade para poñer en valor as pezas de ourivería e a impotancia que esta tivo no panorama artístico compostelán.

ACTIVIDADE 2

Por unha banda, reivindicase a obra dunha figura moi importante dentro da pintura galega, a do artista Lino Martínez Villafinez. Este pintor autodidacta deixou retratados numerosos monumentos da cidade compostelana, onde transcorreu a súa vida; aconséllase proxectar na clase outras das súas obras, dándolles visibilidade e aproveitando para que o alumnado coñeza outros espazos representativos como o Pórtico da Gloria, as distintas fachadas da Catedral, o Hostal dos Reis Católicos, etc. Por outra, déixaselles liberdade creativa para coñecer a súa visión do claustro, fomentando a creatividade e o desenvolvemento do debuxo. Tamén se reforzan coñecementos ao recordar os datos básicos sobre o estilo —facendo fincapé na estrutura arquitectónica das arcadas—, o taller que o realizou e os elementos que hoxe alberga: os sarcófagos e a fonte.

ACTIVIDADE 3

Para rematar, plantéxaselle ao alumnado a posibilidade de crear unha colección museística con posesións persoais. Déixaselle liberdade á hora de escoller unha peza que terán que debuxar nunha peana, achegándose así aos materiais expositivos, e logo xustificar a súa selección. Unha vez realizada a actividade, pódena poñer en conxunto na aula para que coñezan as distintas pezas entre si e se fagan unha idea de como sería o seu museo.

ACTIVIDADE 1

Que se expón nun museo?



Esta foi a primeira vez que fuches a un museo? De non ser así, cóntalle aos teus compañeiros e compañeiras cales outros visitaches e o que viches neles.

Cando pensas nun museo, que pezas imaxinas que poderás atopar no seu interior? Das que había nas nosas salas, cal che sorprendeu máis que formase parte da colección?

Como puidedes comprobar, a natureza das pezas é moi variada, pero todas teñen en común a súa relación coa Colexiata. Por iso, moitas delas son obxectos litúrxicos, é dicir, obxectos que se empregaron durante a misa no seu interior. A continuación hai unha listaxe con varios obxectos empregados na Eucaristía, le con atención as súas definicións e intenta nomear os debuxos que se correspondan con elas, despois coloréaos ao teu gusto.

Dos obxectos que aparecen, cales deles viches no museo? Por que cres que son tan importantes como para estar expostos?

- **Corporal:** pano branco que se coloca enriba do mantel do altar e sobre o que se ubican o cáliz e a patena.
- **Copón:** copa grande con tapa na que se conservan as hostias consagradas.
- **Candea:** obxecto de cera en forma de cilindro que serve para alumar.
- **Patena:** pequeno prato metálico onde se deposita a hostia durante a misa.
- **Lavabo:** emprégase para que o sacerdote poida lavar as mans antes da consagración.
- **Palia:** pequeno pano co que se cubre o cáliz.
- **Cáliz:** vaso sagrado onde se fai a consagración do viño durante a misa.
- **Misal:** libro litúrxico que contén as lecturas e oracións para a celebración da misa.
- **Incesario:** recipiente de formas diversas artisticamente traballado empregado para queimar incenso durante a celebración eucarística.
- **Custodia:** obxecto de ouro ou prata empregado para expoñer a hostia consagrada á adoración dos fieis.
- **Altar:** mesa que no culto católico, serve para colocar o necesario para celebrar a misa.
- **Viñaxeiras:** cada unha das dúas xarras pequenas coas que se serve a auga e o viño.





ACTIVIDADE 2

Convértete en artista

Un dos espazos máis fermosos do conxunto é o claustro, sobre todo a panda norte, onde aínda se conservan as arcadas do taller medieval. Lino Martínez Villafinez, que foi un pintor galego moi importante, realizou un cadro no que recrea este espazo, fai ti o mesmo no cadro baleiro que aparece xunto á súa pintura.

No pintura de Villafinez, ademais dos arcos vemos outro elemento que explicamos durante a visita. Recordas o que eran esas pezas? Poderías describilas? Sen embargo, o outro protagonista do claustro non aparece na pintura, lémbraсте de cal era?



ACTIVIDADE 3

O voso propio museo

Como vimos, existen numerosos tipos de museos, dentro dos cales as pezas que se expoñen tamén son moi diferentes. Imaxina que o teu colexio se transforma nun museo por un día e a súa colección está formada por pezas dos alumnos e alumnas. De todas as túas posesións, cal escollerías para que se mostrase no museo? Debúxaa enriba da seguinte peana, tal e como estaría na exposición.



Escrebe a continuación os motivos polos que escolleches esa peza. Poden ser moi diversos: pola antigüidade, os materiais, polo cariño que lle teñas, etc.

SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA



Obxectivos e observacións

ACTIVIDADE 1

Esta primeira actividade céntrase en dous dos elementos arquitectónicos que protagonizan a cabeceira románica do templo: capiteis e modillóns, procurando fixar a súa definición e que os alumnos e alumnas saiban identificalos con facilidade. Por unha banda faise fincapé na presenza de capiteis nos tres espazos visitados, así como nunha análise descritiva recordando a presenza do “león” como motivo recorrente na iconografía medieval. Por outra, lémbrense as referencias decorativas dos modillóns da Colexiata: as figuras sedentes lendo evocan a actividade intelectual, mentres que a do home que suxeita o porco e o acróbata, a cultura popular. Recalcada esa diferenciación, invítaselles a deseñar o seu propio modillón fomentando a súa creatividade.

ACTIVIDADE 2

O segundo exercicio procura repasar dous aspectos principais chamando a súa atención a través do debuxo. Os rapaces e rapazas deberán completar o alzado da Colexiata co debuxo do actual museo á súa esquerda e os arcobotantes á dereita. Unha vez completada, respostarán a unha serie de cuestións coas que se traballará a funcionalidade de ambos, orixinal e actual no caso do antigo priorado.

ACTIVIDADE 3

Por último, os protagonistas desta terceira actividade son os incensarios. Unha vez repasada a súa funcionalidade, profundizaremos no exemplo máis famoso da cidade, o botafumeiro da Catedral de Santiago. Pídese que o profesor ou profesora proxecte na aula o seguinte vídeo no que se ve o ritual arredor deste gran incensario na Misa do Peregrino. Recoméndase ir comentando algúns datos ao longo do visionado, como as grandes dimensións —mide 1,50m. e pesa 62 Kg.—, o sistema de movemento, a presenza dos tiraboleiros, etc. Finalmente, abórdase a súa decoración a través dunha fotografía tomada na biblioteca da catedral onde se expón normalmente; con ela poderán deterse na simboloxía que teñen as cunchas de vieira e a cruz de Santiago na nosa cidade. Invítaselles aos profesores e profesaras a realizar unha búsqueda de información arredor destas temáticas para completar a actividade cos datos que consideren oportunos na aula. Enlace web: https://www.youtube.com/watch?time_continue=8&v=FaFgodavn0I&feature=emb_logo


ACTIVIDADE 1

O que as pedras nos contan

Na seguinte fotografía vemos un elemento arquitectónico que se repetiu numerosas veces ao longo da visita. Recordas como se chama? Menciona os distintos lugares onde o viches durante a excursión. A continuación descríbeo.




A fotografía anterior foi sacada no exterior da Colexiata, saberías identificar en que zona concreta? Nese mesmo lugar abunda outro tipo de elemento arquitectónico con decoracións moi variadas: os modillóns. O que vemos aquí representa a un home lendo un libro, unha imaxe que se repite en varios deles, pero existen outros con figuras máis simpáticas, concretamente había dous nos que nos detivemos durante a visita, recórdalos? Debúxaos a continuación e deseña un terceiro ao teu gusto como se foses un escultor medieval.



ACTIVIDADE 2

A Colexiata incompleta

O seguinte debuxo representa a estrutura actual da Colexiata vista dende a súa cabeceira. Aproveita a imaxe para sinalar onde se sitúan os capiteis e modillóns que vimos na actividade anterior.



A imaxe pode resultarche extraña xa que ao templo fáltanlle as construcións que ten a ambos lados. Debúxaas recreando o seu aspecto actual

A da esquerda actualmente está convertida en museo, pero esta non era a función que tiña cando se construíu; recordas para que servía nalquel momento? Que opinas de que hoxe sexa un museo?


Os elementos que faltan no lado dereito tampouco estaban nun primeiro momento, senón que se engadiron máis adiante debido ao problema que presenta a Colexiata. Que problema é este? Como funcionan para resolvelo?

ACTIVIDADE 3

Incensarios: descrubre o máis famoso

No museo exhibense dous pequenos incensarios de prata realizados pola escola compostelá. Estes elementos empréganse nas dúas cerimonias nas que se centra a sala, a Eucaristía e as procesións. Sabes cal é a súa funcionalidade?

Ao mellor, cando viches estas pezas, veuche á cabeza a imaxe dunha moi semellante pero de maiores dimensións: o botafumeiro da Catedral de Santiago. Coñécíalo? Que sabes arredor do seu ritual? Presta atención ao vídeo que vai proxectar o teu mestre ou mestra para ver máis preto o seu funcionamento.



Nesta fotografía vemos o botafumeiro da Catedral exposto na súa biblioteca, xa que ao igual que os da Colexiata, forma parte da colección do museo cando non está en uso. Aquí podemos observar con máis detemento ca no vídeo a súa decoración, na cal destaca a presenza de dous símbolos representativos da cidade, sabes cales son? Seguro que os tes visto en moitos outros lugares e obxectos, escribe algún exemplo.



EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA



Obxectivos e observacións

ACTIVIDADE 1

As protagonistas deste primeiro exercicio son as fontes históricas, comezando por un repaso dos documentos que se exhiben na primeira sala do museo e que nos revelan datos fundamentais sobre a orixe e a evolución da Colexiata. Procúrase ampliar a concepción de fonte máis alá da pura documentación, analizando a información obtida a través das inscricións —presentes tanto na fachada como nos sarcófagos— e a heráldica. Finalmente, invitar aos alumnos e alumnas a que realicen un traballo de campo no que poñer en uso o aprendido adoptando a profesión de investigadores, cunha actividade que promova ao mesmo tempo unha ampliación de coñecementos arredor dos monumentos da súa entorna.

ACTIVIDADE 2

Esta segunda actividade céntrase en aspectos arquitectónicos. En primeiro lugar faise un repaso do vocabulario abordado na visita ao exterior do templo, tendo que recoñecer e ubicar diferentes elementos construtivos e decorativos. Pódese aproveitar para tentar definilos brevemente en conxunto de maneira oral. Por último, abórdase a evolución da estrutura da colexiata ao explicar os engadidos e transformacións que sufriu debido aos seus problemas de estabilidade; o alumnado poderá profundizar no aspecto actual que a caracteriza a consecuencia da notoria inclinación dos piares.

ACTIVIDADE 3

Por último, partindo da idea introducida no exercicio anterior, no cal se distinguía entre a parte románica e os engadidos barrocos posteriores, procúrase coñecer máis detidamente os tres estilos artísticos presentes na Colexiata, incluíndo o incipiente gótico que se adiviñaba no claustro. Coa información obtida durante a visita, máis unha búsqueda individual que a complementa, os alumnos e alumnas deberán escribir nos cadros adicados a cada estilo as súas características principais e escoller un monumento representativo no que se exemplifiquen con facilidade.

ACTIVIDADE 1

As distintas fontes históricas



A primeira sala do museo conta coa copia exacta de varios documentos relacionados coa orixe e evolución da Colexiata. No seu conxunto, esta colección pon de manifesto a gran importancia que teñen este tipo de fontes no estudo artístico, achegando información relevante arredor dunha obra concreta. Poderías mencionar algún documento dos expostos? Que información podemos coñecer gracias a eles?

Ademais dos propios documentos, existen outros medios que tamén nos proporcionan información de interese para coñecer a historia dun monumento. Na visita á colexiata puidemos observar varios deles, destacando dous principais; cítaos a continuación e explica brevemente os datos que nos revelaron.



Seguro que no teu pobo ou cidade existen varios monumentos, ben sexan civís ou relixiosos, que contan con algunha inscrición ou escudo no que nunca reparaches. Anímate a achégate para observalos máis detidamente e acadar algunha información relativa a eles.

Podes completar a túa investigación con outras fontes: preguntándolle a xente do lugar información arredor da construción, búsqueda bibliográfica, en internet, etc. Pon en común o resultado da túa investigación cos teus compañeiros e compañeiras na clase.

ACTIVIDADE 2

Unha análise arquitectónica

Durante a visita fómonos detendo nalgúns elementos arquitectónicos do exterior do templo. A continuación inclúense dúas visións do seu alzado nas que deberás sinalar cunha frecha os seguintes termos: cornixa, modillón, capitel, arcobotante, semicolumna, arquivolta, chambrana, *agnus dei*, ábsida.



Nas imaxes anteriores recrease o aspecto actual da Colexiata, pero como xa sabes, a súa estrutura orixinal era integramente románica. Recoñeces as partes que foron engadidas ou transformadas con posterioridade? Explica brevemente o porqué desas modificacións.

ACTIVIDADE 3

Descubriendo os estilos artísticos

Ao longo da historia fóronse desenvolvendo diferentes estilos artísticos; na Colexiata vimos que estaban presentes o Románico, co que foi concebida na súa estrutura orixinal, o Gótico, que dun xeito incipiente adiviñabase na decoración do claustro, e finalmente o Barroco, coas remodelacións máis tardías. Cos información que recordes da visita máis a que recollas a través dunha búsqueda individual, enumera algunhas das características principais de cada un dos estilos e escolle un monumento que sirva de exemplo.

Románico

<p>Monumento:</p>

Gótico

<p>Monumento:</p>

Barroco

<p>Monumento:</p>

BACHARELATO



Obxectivos e observacións

ACTIVIDADE 1

O alumnado deberá definir coas súas palabras unha listaxe de dez termos arquitectónicos presentes no conxunto da Colexita. Prégase ter estes termos presentes durante a visita para deterse neles explicándoos *in situ*. O exercicio busca fomentar a capacidade de comprensión e redacción, así como a ampliación dun vocabulario artístico que complemente o contido dalgunhas materias cursadas no bacharelato como Historia ou Historia da Arte, tendo presente especialmente esta última, onde os exames de acceso á universidade contan cun exercicio desta tipoloxía.

ACTIVIDADE 2

Esta actividade busca Introducir ao alumnado na lectura de plantas a través das dúas tipoloxías máis características dos templos románicos: a basilical, como a da Colexiata, e a de cruz latina, neste caso exemplificada coa da Catedral de Santiago. Deste xeito tamén se lle da visibilidade ao esquema constructivo das igrexas de peregrinación, con gran protagonismo na Idade Media e que probablemente serán estudadas con máis profundidade nas aulas. Poderán valerse dalgúns termos definidos no exercicio anterior para enriquecer o comentario, no que se procura fomentar unha análise comparativa que vaia máis alá dunha mera descrición.

ACTIVIDADE 3

Con esta última preténdese darlle visibilidade á obra de José Ferreiro, considerado o máis importante representante do Neoclasicismo en Galicia durante finais do século XVIII e comezos do XIX. Aproveitando a presenza de dous crucifixos da súa autoría nas salas do museo, ampliarase na súa carreira a través de catro exemplos artísticos, tanto relixiosos como profanos, presentes en catro edificacións representativas da cidade. Os alumnos e alumnas terán que investigar en grupos de que construción se trata e a obra que acolle do famoso escultor; búscase o traballo en equipo e a soltura á hora de transmitir a información recollida a través dunha breve exposición.

ACTIVIDADE 1

Enriquece o teu vocabulario artístico

Define brevemente os seguintes termos arquitectónicos cos que xa te foches familiarizando ao longo da visita.

Cruceiro:

Ábsida:

Rosetón:

Dovela:

Cornixa:

Modillón:

Cimacio:



Capitel:

Bóveda de canón:

ACTIVIDADE 2

As plantas dos templos románicos

Durante a visita abordáronse os principais esquemas construtivos dos templos románicos, centrándose en tres tipos de plantas. Ademais das igrexas dunha soa nave e unha soa ábida, mencionáronse outras dúas, que se corresponden coas imaxes que hai a continuación. Sabes como se lles denomina? Cal delas é a da Colexiata? Poderías identificar a outra? Realiza un comentario analizando ambas plantas establecendo as semellanzas e diferenzas entre elas.



ACTIVIDADE 3

Descubriendo Santiago da man de José Ferreiro

Nunha das salas do museo expóñense dous crucifixos de José Ferreiro, considerado o máis importante representante do Neoclasicismo en Galicia durante finais do século XVIII e comezos do XIX. Aínda que realizou moitas imaxes relixiosas, tamén destaca pola súa obra profana. A continuación aparecen catro edificacións ubicadas na cidade de Santiago de Compostela que contan con obra deste autor. Identifica as construcións e infórmate para coñecer as pezas que inclúen da súa autoría. Podedes distribuír as imaxes por grupos e realizar unha pequena presentación para compartir cos vosos compañeiros e compañeiras os datos referidos a cada unha delas.



BIBLIOGRAFÍA



BIBLIOGRAFÍA

- Bango Torviso, I., Muñoz Párraga, M^a del C., Abad Castro, C. e López de Guereño Sanz, M.T. (2017). *Diccionario de términos artísticos*. Madrid: Sílex.
- Chao Castro, D. (2018). Santa María La Real de Sar: la Colegiata junto al río. *Revista Catedral de Santiago*, vol. 1(1), 40-45.
- García Iglesias, J.M. (Ed.). (2000). *Santa María la Real de Sar*. Santiago de Compostela: Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo.
- Larriba Leira, M. (1998). El Museo de la Colegiata de Santa María la Mayor y Real de Santiago de Compostela. *Compostellanum*, vol. 43, 953-976.
- Nodar Fernández, V. (2012-2018). Colegiata de Santa María de Sar. En M.A. García Guinea e J.M. Pérez González (Eds.), *Enciclopedia del Románico en Galicia (volumen II)* (p.1086-1104). Aguilar del campo: Fundación Santa María la Real, Centro de Estudios del Románico.
- Nodar Fernández, V. (ano). Proyecto museológico y museográfico para el nuevo Museo de Arte Sacro. Santiago de Compostela. COMPLETAR
- Pérez Rodríguez, F. (2003). La Reforma diocesana de la Iglesia de Santa María la Real de Sar. *Memoria artis: studia in memoriam M^a Dolores Vila Jato*, vol.1, 445-446.
- Valle Pérez, J.C. (2001). La expansión de la arquitectura románica en Galicia: tipologías, fuentes y desarrollo. En X.C. Valle Pérez e J. Rodríguez (Coords.), *Románico en Galicia y Portugal* (p. 112-131). A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.